



UNIDADE 10

Escollas

Pídalles aos estudantes que abran o libro na páxina 81 e que describan a imaxe da portadiña. É probable que, relacionándoa co título da unidade, non teñan dificultades en contestar que a muller está suxeitando un abano de cartas da baralla, mentres outra persoa escolle unha delas. Pregúntelles, ademais, con que poderían relacionalo e espere respostas do tipo: **xogos de mesa, unha forma de entretemento familiar ou cos amigos, a cartomancia** etc.

A continuación, pregúntelles se lles gustan as cartas, se adoitan xogar algunha partida e con quen o fan xeralmente ou se coñecen persoas que son afeccionadas a este tipo de pasatempo. Anímeos a que participen da conversa e interésese pola información que queiran compartir.

Por último, coméntelles o contido da unidade e anúncielles cal vai ser a súa tarefa final: falar das consecuencias das nosas escollas na vida.



1. SECTORES PRODUTIVOS

Relacionar catro intervencións de representantes de diferentes áreas económicas cos seus respectivos sectores produtivos. Engadir información e comentala.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Os sectores produtivos ou económicos son as distintas gamas ou divisións da actividade económica dun lugar. Segundo o tipo de proceso polo que se desenvolve, tradicionalmente distínguense tres grandes sectores: o primario, o secundario e o terciario.

Sector primario (agropecuaria): abrangue a explotación directa dos recursos naturais do chan, da terra e do mar. Polo tanto, propicia os produtos que se utilizarán logo como materia prima nas producións industriais. As principais actividades deste sector son: a agricultura, a minería, a gandería, a silvicultura, a apicultura, a acuicultura, a caza e a pesca.

Sector secundario (industria): implica a transformación dos alimentos e das materias primas (oriúndas do sector primario) nun novo ben, a través dos máis variados procesos de produción.

Sector terciario (servizos): recolle as actividades que non producen un ben tanxible propiamente dito, pero son necesarias para o funcionamento da economía. Engloba actividades de distintos tipos, como a educación, o comercio, o turismo, o transporte, a banca...

Na actualidade, fálase tamén dos sectores **cuaternario** e **quinario**. O primeiro recolle todo o relacionado coa información non tanxible, como a informática, as novas tecnoloxías e outras áreas ligadas ao coñecemento (investigación, innovación e desenvolvemento). O quinario abarcaría principalmente as actividades relacionadas coa cultura, a arte e o entretemento.

Para realizar a actividade proposta en “E despois”, é conveniente que leve á aula algúns exemplares de dicionarios bilingües e/ou monolingües.

ANTES DE COMEZAR

Indíquelles aos estudantes que manteñan pechados os seus libros e escriba no encerado **Sectores produtivos**. A continuación, pídalles que comenten todo o que saben sobre eles: como os definen, cales son, que actividades engloba cada un... Escoite as súas respostas e, se for necesario, complete a información con algúns dos datos que lle ofrecemos en “Observacións previas”.

PROCEDEMENTOS

A. Dígalles agora que abran o libro na páxina 82 e coméntelles que os catro textos que se ofrecen se

refiren a intervencións de representantes de diferentes áreas económicas nun congreso de economía galega. Pídalles que os lean e que, logo, traten de relacionar cada texto coa actividade produtiva da que fala.

Se nota que teñen dificultades en relacionar algúns dos textos, coméntelles que en cada un deles hai polo menos unha palabra clave que lles dará algunha pista do correspondente sector e anídeos a atopalas. Concédalles tempo abondo para que o fagan individualmente e, logo, permítalles que comparen as súas respostas coas dun compañeiro antes da posta en común.

Solución

	Palabras clave (suxestión)
1. <i>Sector turístico</i>	<i>ocupación hostaleira</i>
2. <i>Sector da construción</i>	<i>impacto no medio rural ou nas vilas, obras</i>
3. <i>Sector vinícola</i>	<i>denominación de orixe, bodegas</i>
4. <i>Sector gandeiro</i>	<i>producción de leite, empresas lácteas</i>

B. Pregúntelles aos seus alumnos se coñecen algunha outra información relacionada cos sectores mencionados, como, por exemplo, aspectos que escoitaron ou leron na prensa máis recentemente. Centre a atención deles na mostra de lingua e lémbrelles que tamén poderán falar sobre outras áreas da economía. Dígalles que o comenten primeiro en parellas e promova despois unha posta en común na que todos poidan compartir o que saben ao respecto.

Se traballa cun alumnado non galego, interésese por saber se no seu lugar de procedencia os sectores da actividade tamén pasan polas situacións descritas nos textos. Non obstante, neste momento evite establecer demasiadas comparacións cos sectores galegos, xa que isto terán que facelo na última actividade.

E DESPOIS

Se lle parece interesante, déalle a cada un dos seus alumnos unha fotocopia do diagrama que figura na **ficha 20** e anídeos a que o completen co léxico relacionado en cada caso. Poderán traballar en parellas e aumentar a rede, se o consideraren necesario.

Avídeos de que NON poderán pedirlle axuda a vostede para escoller as palabras, pero déixelles dicionarios dispoñibles para que poidan consultar os termos que precisen. Determine previamente o tempo do que van dispor e, ao final, recolla todos os diagramas (un por parella), faga o reconto e dígalles logo cal foi o gañador; que se definirá pola rede máis ampla e sen fallas de léxico ou de ortografía.

2. DESCULPAS DE MAL PAGADOR

Escoitar tres entrevistas a traballadores dunha empresa que tivo un balance negativo e anotar as súas alegacións.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

A expresión “desculpas de mal pagador” é moi corrente na lingua informal e formal e emprégase para dicir que a excusa que se ofrece nalgún caso concreto non é crible ou non se xustifica.

Un balance económico é unha operación que se realiza para saber e valorar a situación económica dunha empresa ou dun negocio, rexistrando as perdas e os lucros deste nun determinado período de tempo.

O organigrama dunha empresa representa a súa estrutura organizativa. Adoita presentar os nomes dos traballadores, en orde xerárquica ou de importancia, cos seus respectivos cargos ou funcións específicas.

ANTES DE COMEZAR

Escriba no encerado a expresión **Desculpas de mal pagador** e pregúntelles aos seus alumnos se a coñecen e que significa. Escoite as súas respostas e, se for preciso, comparta con eles a información que lle facilitamos en “Observacións previas”.

PROCEDEMENTOS

A. Agora explíquelles que unha empresa rematou o ano cun balance negativo e que o xerente quere saber o que ocorreu, polo que decidiu entrevistar algúns dos seus traballadores. Coméntelles que van escoitar a conversa que tivo con tres empregados e pídalles que tomen nota do que alegou cada un deles.

Poña a audición unha vez, déixelles unha pequena pausa para que completen as súas respostas e, antes da posta en común, volva poñer o audio para que fagan as comprobacións que necesiten.

Solución

1. *Dificultades que ten o sector neste momento, como o exceso de importacións que dificultan a rendibilidade do produto e a chegada de artigos doutros países.*
2. *O contable estivo enfermo e contrataron un bolseiro que tardou dous meses en entender as contas da empresa e o que tiña que facer. Logo, os dous administrativos colleron vacacións e o bolseiro tivo que encargarse tamén do traballo deles.*
3. *Substituíron as máquinas vellas por unhas novas que ninguén entendía e tardaron dous meses en saber como funcionaban, xa que as instrucións estaban en alemán.*

Despois da posta en común, aproveite para preguntarlles aos estudantes que lles pareceron as excusas dos empregados e se realmente cren que son “desculpas de

mal pagador”. Logo, intente que escriban dúas excusas que cren que poderían aducir outros empregados da empresa.

B. Centre a atención dos seus alumnos nos cargos dos traballadores da epígrafe A e pregúntelles sobre outros postos ou departamentos de empresas que coñezan. Coméntelles que, dependendo do porte/tamaño de cada empresa, haberá máis ou menos departamentos. Aproveite para preguntarlles o que é un organigrama e, de non o saberen, explíquelles vostede.

A continuación, pídalles que, en parellas ou en grupos de tres, fagan a relación dos postos que pode haber nunha grande empresa e anímeos a que debuxen o seu posible organigrama. Déixelles tempo abondo e faga logo unha posta en común, na que todos dean a coñecer os cargos que recolleron.

E DESPOIS

Se os seus alumnos mostraron moito interese polos temas tratados ata agora, propóñalles que creen unha empresa imaxinaria e que describan as súas características para todo o grupo. Para facelo, poderán cubrir, en parellas ou en grupos de tres, o impreso da **ficha 21**, cuxos datos terán que discutir e decidir en equipo.

Concédalles o tempo necesario e pasee pola aula mentres o fagan, para auxiliálos co que precisaren. Así mesmo, deixe á súa disposición os dicionarios posibles. Cando remataren, anímeos a que lles presenten aos demais compañeiros a súa empresa, para o que han de achegar toda a información apuntada na ficha.

Se o considerar oportuno ou se dispoñer de tempo, promova un breve debate sobre un tema relacionado con algún dos ítems do impreso, como, por exemplo, **as vantaxes e as desvantaxes da forma de contratación dos empregados, das cooperativas, das sociedades...** Modéreo de xeito que todos participen.



3. CAUSAS E CONSECUENCIAS

Relacionar unha serie de causas coas súas respectivas consecuencias. Reflexionar sobre os conectores que introducen a causa e sobre as construcións enfáticas con valor causal.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos seus alumnos que relacionen o inicio de cada frase co seu final correspondente. Cando

terminaren, dígalles que comparen as súas frases coas dun compañeiro e faga logo unha posta en común para comprobar as respostas.

Solución

- | | | | | |
|------|------|------|------|-------|
| 1. b | 2. c | 3. h | 4. f | 5. a |
| 6. i | 7. d | 8. l | 9. g | 10. e |

A continuación, anídeos a que, en parellas, comenten se algunha destas frases podería reflectir unha experiencia persoal súa ou algunha que sexa totalmente oposta á que vivise. Déalles un pouco de tempo e, despois, propóñalles que se fixen nos pares de frases que uniron e que subliñen, de cada par, a frase que expresa a causa.

Se lle parecer conveniente, centre a súa atención nas palabras resaltadas que introducen a causa e remítaos logo á epígrafe “Informar sobre causas e razóns” da sección de gramática, na páxina 85, para que poidan reflexionar sobre a diferenza de matiz entre os distintos conectores. A seguir, realice unha posta en común.

Solución

1. Como non conseguín un traballo na miña zona, ...
2. ... xa que os meus pais eran os meus xefes.
3. Grazas a que coñecía moita xente na área, ...
4. Do eficiente que era como secretaria, ...
5. Levo tantos anos traballando no ensino, ...
6. ... porque enviaba un representante.
7. ... a causa dunha enfermidade.
8. A área da saúde pareceume tan aburrida, ...
9. Contrataron tanta xente nos últimos meses, ...
10. ... por mor da cita que tiña co presidente.

B. Dígalles agora que deberán unir cada par de frases co conector de causa que lles pareza máis apropiado. Coméntelles que talvez teñan que modificar algún elemento para que a frase sexa correcta e que pode haber máis dun conector que sirva en cada caso. Cando acabaren, indíquelles que, en grupos de tres, comparen as súas respostas e que discutan logo sobre os contextos nos que se podería empregar cada unha das frases que fixeron.

Solución (suxestión)

1.
 - Corre tanto que algún día terá un accidente.
 - Por correr demasiado, algún día terá un accidente.
 - Como corre tanto, algún día terá un accidente.
2.
 - Os artesáns reuníronse co sindicato porque/debido a que queren reivindicar uns dereitos.
 - Como queren reivindicar uns dereitos, os artesáns reuníronse co sindicato.
 - Os artesáns reuníronse co sindicato a causa/por mor dos dereitos que queren reivindicar.
- 3.

- Non puido rematar o partido de tenis xa que/dado que/posto que tiña unha dor moi forte no estómago.
- Non puido rematar o partido de tenis porque/debido a que tiña unha dor moi forte no estómago.
- Como tiña unha dor moi forte no estómago, non puido rematar o partido de tenis.
- Doíalle tanto o estómago que non puido rematar o partido de tenis.
- De tanto que lle doía o estómago, non puido rematar o partido de tenis.
- Non puido rematar o partido de tenis por culpa/a causa/por mor dunha forte dor no estómago.
- Ao doerlle tanto o estómago, non puido rematar o partido de tenis.

4.

- Os donos desta fábrica van despedir moita xente porque/debido a que/xa que/dado que deixaron de recibir as subvencións do goberno.
- Ao deixaren de recibir as subvencións do goberno, os donos desta fábrica van despedir moita xente.
- Como deixaron de recibir as subvencións do goberno, os donos desta fábrica van despedir moita xente.

5.

- As empresas contratan máis mulleres porque/debido a que renden máis ca os homes.
- As empresas contratan máis mulleres xa que/posto que/dado que renden máis ca os homes.
- Como as mulleres renden máis ca os homes, son máis contratadas polas empresas.
- As mulleres, ao renderen máis ca os homes, son máis contratadas polas empresas.

6.

- Como eran moi diferentes, separáronse pouco despois de casar.
- Separáronse pouco despois de casar porque/debido a que eran moi diferentes.
- Eran tan diferentes que se separaron pouco despois de casar.
- De tan diferentes que eran, separáronse pouco despois de casar.

7.

- Un millonario deulle un millón de euros a un policía porque lle salvara a vida.
- Un millonario deulle un millón de euros a un policía por salvarlle a vida.
- Como un policía lle salvara a vida, un millonario deulle un millón de euros.
- Un millonario deulle un millón de euros a un policía, xa que/posto que este lle salvara a vida.

8.

- Deulle un ataque de ansiedade porque tiña exames, ía calor e estaba moi canso.
- Como tiña exames, ía calor e estaba moi canso, deulle un ataque de ansiedade.
- Deulle un ataque de ansiedade por culpa/a causa/por mor dos exames, da calor e do cansazo.

– *Cos exames, a calor e o cansazo, deulle un ataque de ansiedade.*

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 111, exercicios 1 e 2.

4. O ANO PASADO CREÁRONSE...

**Propoñer un suxeito para algunhas frases na voz pasiva.
Reflexionar sobre a construción da voz pasiva con SE.**

PROCEDEMENTOS

A. Coméntelles aos seus alumnos que as frases que se ofrecen están en voz pasiva e que en todas falta o suxeito. Pídalles que as lean e que lles engadan logo o suxeito que lles pareza máis adecuado en cada caso. Cando remataren, indíquelles que, en parellas, comparen as súas frases e que comenten as diferenzas.

Logo duns intres, faga unha posta en común e estea atento ás propostas dos seus alumnos, tendo en conta que, en principio, todas poden ser válidas, sempre que concorden coa persoa á que corresponde a forma verbal e que, ademais, garden algunha lóxica no contexto da frase.

Se observa dificultades por parte dalgúns alumnos, recórdelles que na voz pasiva tanto o verbo auxiliar (*ser*, neste caso) coma o participio concordan coa persoa do suxeito. Ademais, no caso do participio tamén haberá a concordancia co suxeito en número e en xénero.

Solución (suxestión)

1. No sector da agricultura *moita xente* foi despedida ultimamente.
2. A distribución dos novos artigos será realizada polas franquías.
3. Non foi feito *ningún informe* sobre a produtividade nesta área.
4. O ano pasado foron creados menos *postos de traballo* ca os esperados.
5. Foron observadas *algunhas irregularidades* nas exportacións dalgúns produtos nos últimos meses.

B. Agora, centre a atención dos seus alumnos na mostra de lingua. Lea en voz alta a frase coa estrutura pasiva e, deseguida, a que se constrúe co pronome *se*. Pregúntelles logo o que teñen en común estas dúas frases e tamén cales son as súas diferenzas. Escoite as súas respostas e, de non acertaren, dígalles que a semellanza é que **en ambas as frases non se menciona o axente da acción**. Por outra banda, a diferenza entre elas consiste na estrutura empregada: na primeira emprégase a voz pasiva formada polo verbo auxiliar **ser** + o **participio** do verbo principal, mentres que na segunda se constrúe coa “pasiva con **se** ou **reflexa**”, formada polo verbo principal na **terceira persoa** + o

pronome **se**. Fágalles notar que en ambos os casos o verbo está na terceira persoa do plural e concorda co suxeito (neste caso, *menos subvencións*).

Deseguida, escriba no encerado outra frase co mesmo verbo, pero desta vez cun suxeito en singular, como por exemplo, **Foi concedido un aumento no soldo dos vixías**. Despois, pregúntelles aos estudantes como dirían o mesmo empregando a segunda estrutura. Anímeos a que a formulen entre todos e, de non o saberen, ou para confirmar a súa proposta, escriba no encerado: **Concedeuse un aumento no soldo dos vixías**. É importante que comprendan que nesta construción o verbo segue concordando co suxeito pasivo, do mesmo xeito que na estrutura perifrástica.

A continuación, aclare as dúbidas que poidan ter e pídalles que transformen todas as frases do ítem A, cos suxeitos que propuxeron, en pasivas con **se**. Se lle parecer conveniente, antes de que fagan a actividade, remítaos á epígrafe “Voz pasiva con se” da sección de gramática, na páxina 85, e repase con eles o seu contido. Logo, indíquelles que transformen individualmente as súas frases e, a medida que foren rematando, permítalles que as comparen coas dalgún compañeiro. Ao final, faga unha posta en común e asegúrese de que o fixeron ben en todos os casos.

Solución (suxestión)

1. No sector da agricultura, **despediuse** moita xente ultimamente.
2. A distribución dos novos artigos **realizarase** polas franquías.
3. Non **se fixo** ningún informe sobre a produtividade nesa área.
4. O ano pasado **creáronse** menos postos de traballo ca os esperados.
5. **Observáronse** algunhas irregularidades nas exportacións dalgúns produtos nos últimos meses.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 112, exercicio 3.



5. PORQUE SI

Empregar conectores para relacionar as informacións dunha experiencia.

ANTES DE COMEZAR

Escriba ano encerado:

Ter problemas...

- a) **nunha viaxe ao deserto.**
- b) **informáticos.**

- c) para atopar traballo noutra cidade.
- d) ao mercar ou vender unha vivenda.
- e) cos atrasos dos avións.
- f) nun safari.
- g) por saír de festa todas as noites.
- h) ao mercar roupa.

A continuación, remita os seus alumnos ás fotos que figuran na actividade e coméntelles que responden ás situacións nas que diferentes persoas tiveron algún dos problemas que están anotados no encerado. Pídalles que, antes de nada, relacionen cada problema coa respectiva foto.

Logo, anídeos a que comenten se eles, ou familiares ou coñecidos seus, tiveron algún deses problemas. Escoite as súas intervencións e axúdeos co léxico e coas estruturas nas que mostren dificultades.

PROCEDEMENTOS

A. Coméntelles aos seus alumnos que as informacións que aparecen ao pé de cada foto corresponden ás experiencias vividas por diferentes persoas. Detéñase na primeira e fágalles notar a falta de conexión entre as distintas frases e como quedarían conectadas na mostra de lingua que se ofrece. Pídalles que lean as demais informacións e que as reformulen, empregando os conectores apropiados e tendo en conta a posibilidade de que haxa máis dunha alternativa en cada caso.

Recórdelles que poderán consultar as epígrafes “Informar sobre causas e razóns”, “Retomar causas coñecidas” e “Construcións enfáticas con valor causal” da sección de gramática, na páxina 85. Asemade, explíquelles que tamén necesitarán conectores con outros matices de significado, que xa viron previamente, e que poderán variar o léxico, simplifícalo, expandilo etc.

Cando remataren, anídeos a que comparen as súas respostas coas dun compañeiro. Durante esta fase, acérquese para corrixir as súas producións e resolver as dúbidas que poidan xurdir. Logo, proceda a unha posta en común.

Solución (suxestión)

- Como Carolina saía todas as noites ata as tantas, chegaba sempre tarde á clase e non participaba moito. Ao final, suspendeu os exames e tivo que repetir curso, polo que se enfadou moitísimo.
- Por mor de saír todas as noites ata as tantas, Carolina sempre chegaba tarde á clase e non participaba moito. Logo, suspendeu os exames e tivo que repetir curso, polo que se enfadou moitísimo.
- Henrique non tiña traballo na súa cidade e marchou vivir á capital. Non obstante, alí tampouco atopou traballo e todo era moi caro, polo que, ao final, acabou volvendo á casa.
- Como na súa cidade non había traballo, Henrique marchou vivir á capital. Pero, ao final volveu á casa, xa que/posto que/debido a que alí todo era moi caro e tampouco atopara traballo.

- Henrique marchou vivir á capital porque na súa cidade non había traballo. Ao final, como tampouco atopou traballo alí e, ademais, todo era moi caro, acabou volvendo á casa.
- Ao derramárselle o ordenador, Nacho tentou arranxalo el mesmo, pero, ao final, estragouno por completo e tivo que mercar un novo.
- Como Nacho tentou arranxar el mesmo o seu ordenador cando se lle derramou, estragouno por completo e tivo que mercar outro.
- A causa da/por culpa da/debido á preña que tiña lago, non mirou ben un abrigo ao compralo e, cando o probou na casa, descubriu que tiña a cremalleira derramada, pero na tenda non lle quixeron devolver os cartos.
- lago foi mercar un abrigo, pero tiña tanta preña que non o probou e, ao chegar á casa, descubriu que a cremalleira estama derramada. Non obstante, na tenda non lle quixeron devolver os cartos.
- Coa preña que tiña, lago comprou un abrigo sen probalo e, na casa, descubriu que a cremalleira estaba rota. Porén, na tenda non quixeron devolverlle os cartos.
- Os pasaxeiros do aeroporto, dado que levaban máis de nove horas esperando sen que ninguén os informase do porqué do atraso, queixáronse e organizaron unha revolución na terminal 4. Ao final, déronlles algo de comer, aínda que non lles devolvesen os cartos.
- Ao levaren máis de nove horas esperando sen saber o porqué do atraso, os pasaxeiros do aeroporto queixáronse e organizaron unha revolución na terminal 4. Grazas a iso, conseguiron algo de comer, pero non lles devolveron os cartos.
- Como os pasaxeiros do aeroporto levaban máis de nove horas esperando e ninguén os informara do porqué do atraso, queixáronse e organizaron unha revolución na terminal 4, polo que lles deron algo de comer, aínda que non lles devolveron os cartos.
- Como Marcos saía de excursión a pé polo deserto ás 12 do mediodía, sen levar cantimplora nin auga, deshidratouse completamente e tiveron que levar a urxencias.
- Marcos saíu de excursión a pé polo deserto ás 12 do mediodía sen levar cantimplora nin auga, polo que se deshidratou completamente e tiveron que levalo a urxencias.
- Tiveron que levar a Marcos a urxencias porque se deshidratara completamente, xa que saíra a pé polo deserto ás 12 do mediodía sen levar cantimplora nin auga.
- Como se puxeron tan de moda as casas de campo, Sonia mercou unha bastante cara para revendela e gañar cartos. Non obstante, por mor da/a causa da/debido á/por culpa da perda de valor do mercado inmobiliario, tivo que vendela por menos diñeiro do que lle custara e arruinouse completamente.
- Sonia mercou unha casa de campo bastante cara para revendela e gañar cartos, xa que/dado que/posto que estaban de moda. Ao final, como/debido a que o mercado inmobiliario perdeu valor, tivo que vendela por menos cartos ca os que investira, polo que se arruinou completamente.

B. Agora, convide os estudantes a opinaren sobre cada unha das situacións vistas, dicindo o que cren que cada persoa debeu facer en cada caso. Considere a posibilidade de que o fagan por escrito e, en calquera caso, recórdelles que poderán apoiarse no contido da epígrafe “Reprochar” da unidade 9, na páxina 77. Cando remataren, forme grupos de tres e anímeos a que fagan unha posta en común.

6. TOMAR DECISIÓNS

Redactar un informe a partir do testemuño oral de dúas persoas.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos: **Que fariades se soubésedes que un amigo voso fixo algo ilícito ou ilegal? Credes que unha boa persoa pode chegar a facer algo deshonesto? Hai algún caso xustificable? Cal?** Logo, anímeos a que participen dando a súa opinión.

PROCEDEMENTOS

Preséntelles a situación aos estudantes: cada un deberá imaxinar que é o responsable do departamento económico dunha empresa, onde se detectou un grave problema. Van escoitar a declaración de dous empregados involucrados e terán que redactar un informe para a dirección da empresa, no que consten os seguintes ítems:

- **motivos polos que os empregados actuaron de forma irregular;**
- **consecuencias desta actuación para a empresa;**
- **cambios que propón.**

Póñalles a audición unha vez e, logo de comentar o seu contido co grupo, volva poñela para que fagan as comprobacións que precisaren. Despois da segunda escoita, dígalles que fagan individualmente o informe. Cando terminen, pídalles que comenten, en parellas ou en grupos de tres, as decisións que propuxeron para o caso e se estas coinciden coas opinións que deron en “Antes de comezar”. Despois, recolla os informes e léveos para unha corrección máis pormenorizada da súa produción escrita.

7. ATERSE ÁS CONSECUENCIAS

Comentar a gravidade dun par de erros e detectar as expresións que introducen a causa e a consecuencia.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos estudantes: **Hai algún tipo de erro para o que credes que non hai emendas? Cal/cales? Que consecuencias poden traer? Coñecedes algún caso?** Anímeos a que opinen e escoite atentamente as súas suxestións.

PROCEDEMENTOS

Dígalles agora aos seus alumnos que van ler as declaracións de dúas persoas cuxos erros cambiaron dalgún xeito as súas vidas. Deixe que fagan unha lectura individual e despois anímeos a que comenten en parellas a gravidade que cren que teñen os erros narrados. Se lle parecer conveniente, e en función do interese deles, proceda logo a unha posta en común.

A continuación, coméntelles que en ambos os testemuños hai unha serie de causas e consecuencias para os feitos narrados. Pídalles que volvan ler os textos, que localicen as causas e as consecuencias que figuran e, para rematar, que apunten na táboa as expresións empregadas para introducilas en cada caso. Concédalles o tempo necesario e faga logo unha corrección entre todos.

Solución

Expresión de causa

1: *como, porque, debido a, grazas a que.*

2: *porque, por culpa de, ao.*

Expresión de consecuencia

1: *e entón.*

2: *e, claro; e agora.*

8. ESCOLLAS NA VIDA

Escoitar o testemuño de tres persoas que falan sobre algunhas decisións que tomaron no pasado e recoller información para completar un cadro. Falar sobre decisións que tiveron que tomar nas súas vidas.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos con que temas cren que están relacionadas as grandes decisións que temos que tomar ao longo da nosa vida. Anímeos a que o comenten e apunte no encerado os temas que suxeriren.

PROCEDEMENTOS

A. Informe os estudantes de que van escoitar tres persoas que falan dalgún problema que tiveron nalgún momento do pasado e a decisión que tomaron daquela. Dirixa a súa atención ao primeiro cadro da dereita e pídalles que se fixen na información que presenta e que, logo de escoitar os testemuños, traten de completala. Despois, faga unha posta en común para que se aclaren as respostas.

Solución

1.

Problema: *Seguir bailando ou ter tempo libre.*

Decisión: *Deixou o ballet.*

Boa ou mala decisión, por que? *Mala. Ao mellor, de non o deixar, sería unha bailarina famosa.*

2.

Problema: *Seguir en Venezuela sen traballo ou emigrar a outro país.*

Decisión: *Emigrou.*

Boa ou mala decisión? Por que? *Boa. Coñeceu moita xente e a súa situación sería peor de quedar daquela en Venezuela.*

3.

Problema: *Ir á universidade ou seguir os desexos da súa familia.*

Decisión: *Foi á universidade.*

Boa ou mala decisión? Por que? *Boa. A súa vida agora sería diferente.*

B. Pídalles agora que pensen nas decisións máis importantes que tiveron que tomar ao longo da súa vida. Pregúntelles logo se están contentos con elas, se as tomaron sós ou se alguén os axudou e quen. Despois, propóñalles que cubran individualmente a grella que se lles proporciona para facer un resumo do que lles contará logo aos compañeiros.

Cando finalizaren, distribúaos en parellas ou en grupos de tres e permítalles que o comenten. Despois, proceda a unha posta en común, para que se poida realizar logo a tarefa proposta no ítem C.

C. Para rematar, pídalles que, outra vez en parellas ou en grupos de tres (os mesmos do ítem anterior), decidan cal lles pareceu a decisión máis estraña, acertada e difícil. Déalles uns minutos para que cheguen a un consenso e logo recolla o resultado no encerado para as tres categorías propostas ou para outras que eles suxiran. Aclare, previamente, que as respostas á actividade poden ser inventadas.

E DESPOIS

Pregúntelles aos seus alumnos se saben o que significa **decidofobia**. Escoite as súas ideas e logo, en grupos de tres, repártalles fotocopias do texto que lle facilitamos na **ficha 22**. Anímeos a que o lean e convídeos logo a comentaren cos compañeiros se lles parecen ben os métodos que propoñen e con cal ou cales se identifican máis. Ao final, de lle parecer conveniente, faga unha posta en común.



9. ACTIVIDADE ECONÓMICA

Ler e comentar un texto sobre as actividades económicas máis importantes de Galicia. Suxerir tipos de empresas para os sectores mencionados e comparar os sectores produtivos do seu país cos galegos

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nesta actividade, os estudantes retomarán o tema tratado na primeira actividade desta unidade (**Sectores produtivos**), polo que, de ser necesario, poderá vostede

recuperar algunhas das informacións proporcionadas en “Observacións previas” da devandita actividade.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos cales cren que son os sectores produtivos máis importantes de Galicia. Déalles un momento para que o discutan en parellas e faga logo unha posta en común.

PROCEDEMENTOS

A. Centre a atención dos seus alumnos no título da actividade e recórdelles que xa comezaran a tratar ese tema na primeira actividade desta unidade. Despois, pídalles que se fixen nas fotografías e que digan a que sector produtivo pertence cada unha das actividades que se amosan. Déixelles un minuto, faga deseguida unha posta en común e poña os resultados no encerado.

Solución

- 1.^a (un bar): *servizos;*
- 2.^a (un campo de enerxía eólica): *enerxía;*
- 3.^a (barcos pesqueiros): *pesca;*
- 4.^a (máquinas industriais): *industria.*

A continuación, pídalles que observen o gráfico da dereita para compararen os datos cos do encerado. Despois, indíquelles que lean o texto para obteren máis información ao respecto. Deberán facelo individualmente e, cando remataren, dígalles que poden comentar cun compañeiro que lles pareceu a información do texto ou se hai algún dato que os sorprende. Se lle parecer necesario, volva facer unha posta en común.

B. Dígalles agora que, en parellas, deberán comentar cales son os tipos de empresas que se poden atopar en cada un dos sectores mencionados. Déixelles tempo abondo e, ao remataren, faga unha posta en común para que se coñeza o maior número posible de diferentes tipos de empresas.

C. Se traballa cun alumnado cuxo lugar de procedencia non é Galicia, pregúntelles aos estudantes que diferenzas e semellanzas existen entre os sectores produtivos do seu lugar de orixe e os galegos que acaban de ver.